A XERACIÓN GALAXIA

Francisco Fernández del Riego



galaxia

A XERACIÓN GALAXIA

1ª edición, 1996
1ª edición dixital, 2009

© Francisco Fernández del Riego, 2009

© EDITORIAL GALAXIA, S. A. 2009
Avenida de Madrid, 44, baixo - 36204 Vigo
www.editorialgalaxia.com

ISBN: 978-84-9865-9993

FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

A XERACIÓN GALAXIA

agra aberta

GALAXIA

A XEITO DE LIMIAR

Abro as páxinas deste libro co propósito de debuxar un proceso cultural protagonizado por unha xeración da que formo parte. Non se trata dun libro de historia propiamente dita, trátase, máis ben, dunha narración de feitos, na que o autor desempeña, con outros coetáneos, un significativo papel. En realidade, a historia escríbese, polo xeral, do lado de fóra dos acontecementos. Quen narra, neste caso, está ou estivo, dentro deles. Por conseguinte, as páxinas que seguen valen máis a título de testemuño que de historia. Se a importancia do movemento no que nos mergullamos se recoñece polas xeracións futuras, como parece, serán elas as que se encargarán de xulgar e de valorar.

Era o tempo no que unha gobernabilidade despótica enforteceu as formas unificadoras de España. Un tempo no que se suxeitaron as xentes ó vicio da conformidade. Foi daquela cando se encetou a nosa activida-

de revoltadora. A autarquía franquista mantíñase envolta nun escuro nivel de devoción. O paganismo, o nacional-catolicismo, a apoteose de Estado, definían a situación. Privaba daquela no ambiente unha mentalidade de disciplina e servicio. Para os que non estaban na loita, a arte dependía da política dictatorial. Andábase a atravesar un témero momento histórico de múltiples tentos de abaixamento do espírito.

Sabido é que a historia contribúe a que a xente se decate do lugar humano onde reside. Tamén de como é o que ocupan os seus semellantes, veciños ou lonxanos. A inxenua urxencia de narrar ou esculcar sen máis o que pasou fai esquecer, ás veces, a auténtica realidade dos feitos e das obras da historia humana. Unha realidade é só historiable cando se pon en correlación coa estructura da humanidade na que existe, así como cos valores na que se fai significante. Os feitos humanos necesitan referirse á vida onde acontecen e se dan. Esa vida é, ó propio tempo, algo concreto, especificado. Algo que sobrancea sobre o fondo xenérico, universal, do humano.

Cada pobo, desde a morada na que ten existencia, manexa en forma peculiar a civilización pasada ou presente. Porque as tradicións, como todo o demais, especifican o seu ser. Atópase, en certo xeito, na vida de cada comunidade. A historia sinala a curva de ascenso e descenso dos valores, o proceso axiolóxico e axioxénico.

Galicia ofrecíanos, diferentes, peculiares, os modos valiosos nos que, como grupo humano, se trataba o mundo no que existiamos e nos realizabamos. A historia do noso pobo era realmente súa. Non era escindible en homes latexantes, en accións e acontecementos pa-

tentes. Pero entón non había liberdade de pensamento. Os libros tiñan que pasar por tres censuras, incongruentes, arbitrarias, anacrónicas: a falanxista, a militar e a clerical. ¿Que estaba a ocorrer coa cultura galega? Moitos dos seus persoeiros saíran exiliados do país. Outros, aquí residentes, tiñan que se manter amudecidos. Galicia quedara raída. Vírase reducida a unha mera expresión xeográfica. Nesas circunstancias tentamos o esforzo de lles fornecer ós galegos a conciencia do país. Constituímonos en continuadores dos intelectuais que traballaron para incorporar Galicia ó mundo europeo.

Daquela, os escritores en galego non podían publicar nada na propia lingua. Non podían, en consecuencia, encerellarse en polémicas diarias ou de índole crítica. Non podían traballar para un público impersoal, descoñecido, alonxado dos cenáculos.

Considerabamos que a personalidade galega só atinxiría manifestarse, con plenitude, na fala autóctona. Pero esta recuara, degrunárase, viciárase, apedrando as esencias do ser galego. A lingua deixara de expresar a nosa substantividade. As súas posibilidades de actuar mirraran, ó se esleír a súa presencia na vida comunal. Non embargante, nós queriamos que os galegos seguisen a ser galegos, aferrándose á súa lingua, usándoa, cultivándoa, purificándoa, esparexéndoa. Afirmabamos que o connubio do idioma propio coa vida do país era un feito incontestable. Tal feito non podía modificarse sen que se alterase a substancia daquela vida.

Os mozos que nos sentiamos consubstancializados coa Galicia verdadeira, viviamos obrigatoriamente envolvidos nun mundo mitolóxico, de cultura reverencial a un home "enviado pola Providencia para salvar Espa-

ña". Desde os xornais, desde a radio, desde as organizacións xuvenís e universitarias, arrodeábannos de mitos imperiais. Querían inculcarnos unha imaxe irreal de España e da súa historia, na que os máis non crían. Os donos do poder seguían a repetir nos discursos, nos artigos de consigna, as mesmas ideas. Debíase isto, máis que á falta de imaxinación, ó mesquiño desexo de privar á maioría do acceso a outras posibilidades.

Xentes da miña mesma xeración comezaron a vivir unha gran sorpresa, cando, intuitivamente, ollaron que, educados en mitos totalitarios, descubrían o valor da democracia. Despois, esa revelación fíxose consciente neles. Ó se encetar o conflicto bélico, tiñan xa formada a súa personalidade. Afeitos ata entón a se expresar con liberdade, tiveron que se pregar ás esixencias da nova orde e ás petaduras da censura. O pasado foi unha carga menos pesada para os que, no ano 1936, tiñan entre quince e vinte anos. A maioría deles sentíase máis ou menos comprometida. Pero eran principiantes da profesión das letras, contaban con certa liberdade de movemento.

Sabido é que a historia vén ser unha serie de repeticións. Na correspondente á época da que estou a falar, comezaron a escribir en Galicia os que durante a Guerra Civil eran aínda nenos. Moitos deles lembrábanse vagamente dos horrores que presenciaran. Pero o que pasara a ser unha lembranza borrenta na súa conciencia, puido conservar a súa precisión no subconsciente. Non se lles acabara a esperanza. Sen ela resultaría difícil vivir. Conservaban a súa patria enteira, viva, na memoria. Amaban a Galicia e ó pobo que a habitaba. Por ela discutían e argumentaban. Pensando nela coidaron as

súas conductas. En todo iso había amor, un amor de cada instante.

Neses días había, por outra banda, homes vantaxosamente coñecidos, limpos de estilo, cunha conciencia xenerosa dos dons alleos, e esquecidiza dos propios. Tiñan unha ilusión, e dela vivían. Defendían o seu soño, sen seren ilusos, senón máis ben realistas. Porque sabían que o soño determina a miúdo a realidade, e confórmaa. Eran galegos da cor da súa terra. A Galicia que cobizaban estaba sinalada por calidades de substancia e de especialidade.

O galeguismo militante nacera como un movemento político-cultural de amplo significado. Tentaba restituír ó país o xogo dos seus valores tradicionais. Por iso, desde os primeiros momentos, agrupouse nun escollido xuntoiro de intelectuais. Figuraban nel homes de diversas crenzas ideolóxicas. Confluían, non embargante, nun denominador común: o de resolveren os problemas peculiares de Galicia, con medios moi característicos.

Partíase do feito de que os galegos posuían unha lingua e unha cultura de seu. Cultura e lingua que debían recoñecerse e respectarse. Tamén unha economía de minifundio, preponderantemente agrícola, que esixía solucións idóneas para os seus problemas privativos. Polo continuo descoñecemento desa realidade, e polo reiterado fracaso da política centralista, estimábase que só cunha gobernabilidade autóctona podían resolverse as vellas cuestións do país.

Ó se producir o alzamento militar, a "Carta autonómica" de Galicia estaba pendente do último tramo constitucional para entrar en vixencia. Ou sexa, a da súa definitiva aprobación polas Cortes. A brutal represión exercida desde os inicios do pronunciamento tivo fatais

consecuencias para moitos galeguistas. Os que sobreviviron, padeceron toda clase de persecucións. Desde a deposición dos seus cargos profesionais, á inhabilitación para o exercicio dos seus traballos. Desde a incautación dos seus bens, ó encarceramento arbitrario.

Un gran continxente de profesores universitarios viuse desposuído das súas cátedras. O Seminario de Estudos Galegos, institución cultural de prestixio acreditado, foi disolto, incautados os seus fondos, prohibidas as súas publicacións, arrapizada a importante biblioteca. O labor dos colaboradores, que integraba a unha gran maioría da intelectualidade galega, viuse drasticamente tronzado. Tamén foron desmanteladas as dependencias da Editorial Nós, consagrada á edición de libros galegos, de literatura, arte, investigación..., así como á da gran revista de cultura do mesmo título. Nun acto de vandalismo, queimaron e esmigallaron cantos volumes e orixinais figuraban na imprenta.

A xeración recuperadora das esencias autóctonas, sería a que, andados os anos de indixencia e escuridade, voltaría a restituír a liña aberta polos escritores e investigadores que protagonizaron a tarefa do Seminario e da Editora.

PRIMEIRAS MOSTRAS DE RECUPERACIÓN

Eran aínda os tempos de mesta escuridade para a cultura galega. En diversas cidades do país mantíñanse tertulias nas que se agrupaban intelectuais da Xeración do 36, e das épocas precedentes. Alá polo ano 1947, uns e outros seguían agachados no silencio forzado. A censura oficial atrancaba o emprego público da lingua propia. Daquela, xurdiu unha curiosa posibilidade fóra do país. A sección española da BBC de Londres, resolveu emitir unha serie de programas que reflectisen a realidade cultural das comunidades históricas nos idiomas de cada unha delas.

No ano devandito encetáronse semanalmente as novas emisións, en catalán, en éuscaro e en galego. Tódolos luns de cada tres semanas, comezaron a se esparexer polas ondas londinenses temas divulgatorios sobre Galicia, expresados na fala preterida. Como director e locutor das audicións en galego, responsabilizouse o

ourensán Alexandro Raimúndez, co pseudónimo de Xavier Fernández.

De primeiras, os textos radiodifundidos artelláronse na propia cidade de Londres. Inaugurounos Augusto Assía, pseudónimo de Felipe Fernández Armesto, residente entón na capital británica como corresponsal de prensa. Para a ocasión, escolleu o tema das "Relacións culturais entre Inglaterra e Galicia". Seguíronlle: un de Xavier Fernández, sobre "A festa dos maios na Gran Bretaña", outro do norteamericano Stephen Reckert, profesor da Universidade de Connecticut, e bo coñecedor do galego, sobre "Galicia: occidente da Romania e sur da Celtia". Na emisión posterior, volveu falar Xavier Fernández, co título de "Saint-James 1947". Ó cabo, o propio Stephen Reckert repetiu a súa intervención baixo o epígrafe "O individualismo español e o individualismo galego".

Como se bota de ver, o temario obedecía a unha postura descomprometida co puramente político. Pero o próposito de Alexandro Raimúndez tentaba embercellar na programación, non só ós residentes en terras foráneas, senón ós escritores que vivían en Galicia. Valéndose de dous amigos ourensáns —Leuter González Salgado e Xosé Ramón Fernández-Oxea— estableceu comunicación directa comigo. Desde aquela, emprincipiei a recabar colaboracións de intelectuais de aquí. A resposta dos convidados á tarefa foi positiva, e comecei a remesar ó centro emisor, con continuidade periódica, os traballos que se me facilitaban. O novo labor encetouse, a partir do programa número 9, cunha fermosa glosa de Otero Pedrayo sobre "O feitizo do outono".



O galeguismo militante nacera como un movemento político-cultural de amplo significado. Figuraban nel homes de diversas crenzas ideolóxicas que confluían nun denominador común: resolveren os problemas peculiares de Galicia. Na foto, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas, Ramón Martínez López, Valentín Paz Andrade, Xoaquín Lorenzo e Bibiano Fernández Ossorio-Tafall.

Os autores ós que lles demandaba colaboracións, correspondían sempre con entusiasmo ó pedido. Cando, por motivos diversos, non chegaban dentro do prazo previsto, suplíaas con artigos meus para que non se interrompesen as emisións. O conto era que non fallasen as retransmisións en galego por ausencia de materiais a difundir.

Foron oitenta e tres programas os que se radiaron, ininterrompidamente, desde o ano 1947 ó 1956. Tratáronse neles temas de arte, de etnografía, de socio-economía, de historia, de biografías, de viaxes, de literatura. Todos con propósitos divulgatorios e de exaltación dos valores autóctonos. O último preparouno, en direc-

to, o director da sección española da BBC, Mr. George Hills. Foi en xaneiro do ano 1956. Reduciuse a unha emisión poética, na que leron as súas composicións os poetas máis representativos daquela hora.

Ó longo de nove anos, e nos oitenta e tres programas devanditos, a lingua galega, perseguida no propio país, puido escoitarse a través das ondas londinenses. Escritores vellos e novos colaboraron no empeño. No entanto, ó que máis se chegara en Galicia, nos últimos tempos dese período, foi a unha certa tolerancia de textos bilingües.

Simultaneamente ó que supuxo de cultivo e esparexemento a actividade programática da BBC, comezaron a se manifestar mostras temesiñas de reactualización do idioma autóctono. Alá polo ano 1948 apareceu na Coruña, sen periodicidade fixa, a revista *Alba*. Incluía poemas en galego, con predominio dos escritos en castelán. No segundo número incorporou o subtítulo de "Prosa y verso", e no seguinte figurou como director Ramón González Alegre. Este e Otto José Cameselle comezaron a publicar en Vigo o número catro. Con posterioridade, un consello de redacción formado por Luís Santamarina, Celso Emilio Ferreiro, Cameselle, e Bernardino Graña, imprimiulle certo acento galeguizador á revista. A súa breve historia, na que foron aparecendo textos de diverso feitío na nosa lingua, abrangueu catorce números.

Tamén, desde o ano 1948 ata o 1952, publicou na cidade viguesa Eduardo Moreiras unhas carpetas que nomeu *Mensajes de poesía*. Non se trataba, mesmamente, do que puideramos chamar unha revista, viña ser unha especie de mensaxe privada que Moreiras metía

nun sobre cada mes, destinado a trescentos amigos. Saíu o número inicial en setembro de 1948 e o último a comezos de 1952. Entre os escritores de idioma galego que figuraron nas entregas contáronse Otero Pedrayo, o propio Eduardo Moreiras e Luís Pimentel. Un dos números adicóuselle a Álvaro Cunqueiro, arrequecido cun autorretrato do poeta e un debuxo de Laxeiro. Nesa época de escasísima actividade literaria na fala do país foron aparecendo poemas de Emilio Álvarez Blázquez, Ricardo Carballo Calero, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Xulio Sigüenza, Pura Vázquez e Luz Pozo Garza.

A finais do ano 1948 xurdiu en Pontevedra a colección de poesía Benito Soto. Dirixíana Celso Emilio Ferreiro, Sabino Torres e Emilio Negreira. Foi a primeira que, en Galicia, editou libros en galego despois da Guerra Civil. Fóra dos poemarios en castelán, publicáronse nela volumes poéticos no noso idioma, firmados por autores de tempos diversos: Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Carballo Calero, Eliseo Alonso, Luís Pimentel, Manuel María, Augusto Casas, Fabeiro Gómez, Pérez Creus. Tamén unha escolma de poetas alemáns, co título de *Musa alemá*, en versión galega de Blanco Freixeiro e Celso Emilio Ferreiro.

Todo o pouco que se andaba a facer naqueles días supuña un esforzo para recuperar a lingua, pero non máis alá da creación poética. Tentábase, non embargante, de lle dar unha maior amplitude á preocupación polos problemas autóctonos. Neste particular cómpre facer referencia á aparición do "Suplemento dos sábados" do xornal *La Noche*. Xurdiu o 15 de outubro do 1949. Do mesmo xeito que nos programas da BBC, vencelláronse

á nova publicación as vontades perdidas. Xuntáronse moitas mans no mesmo traballo. Puxéronse a vencer as fatigas, os desánimos, as indiferencias...

No devandito xornal encetaran colaboracións en galego algúns escritores, entre eles, como máis significativas, o "Parladoiro" de Otero Pedrayo. O director de *La Noche*, o navarro José Goñi, foi quen propiciou a idea do suplemento, adicado á vida cultural e económica de Galicia. Recabou de Xaime Illa Couto e de min a responsabilidade de dirixilo. Os temas das súas páxinas debían referirse á literatura e á arte, á industria e ó comercio, privativos do país. O propósito cifrábase en amosar a vida espiritual e material de Galicia, interpretada polas mellores plumas galegas daquel momento.

Necesitábase na nosa terra, en horas tan comprometidas, pór en vixencia un documento vivo que acusase a presencia, a inquietude, do ser galego. Esa necesidade era a que os promotores querían facer notar, ensaiando ó propio tempo o seu posible remedio. Desexaban, en consecuencia, abanear a fronda do sentir do pobo, dos seus homes, das súas actividades.

Pretendíanse pór ó descuberto as esencias do país, das súas cualidades, ostensibles ou recónditas. O obxectivo viña ser, coas obrigadas limitacións que a situación impuña, o de nos descubrir a nós mesmos. O de descubrir Galicia para restablecer unha imaxe máis auténtica, cabal, da nosa radical significación. Estas motivacións, convidando á colaboración de todos, apoiábanse nun equipo inspirador de galegos conscientes.

Nas diversas seccións que o Suplemento mantivo, fixéronse glosas e lembranzas de figuras universais, traducíronse poemas foráneos, realizáronse análises económi-

co-sociais, fíxose certa crítica literaria e efectuáronse enquisas entre cualificados artistas. Foron moitos os nomes que asinaron textos de literatura e de socioeconomía. Tamén diversos, os que colaboraron como artistas gráficos.

Xuntabámonos de cotío nunha tertulia da taberna do Hotel Alameda, en Vigo, os redactores, algúns dos colaboradores e simpatizantes da publicación. Cambiabamos ideas sobre os temas a tratar nas súas páxinas. Falabamos do eco que estaba a ter, e dos posibles xeitos de focar os comentos para que o empeño non se apedrase. Íase ampliando o número de lectores. Íanse incorporando á nómina inicial novas firmas. Chegou a se sumar ó Suplemento a maioría dos escritores cualificados do país, con entusiasmo e fe.

Pero non só se andaba a conxuntar a laboría, máis ou menos periodística, das figuras da etapa prebélica, senón a de xentes que encetaban a súa actividade no mundo das letras. Mesmo comezou a se espertar a preocupación pola cultura e pola lingua galegas nalgunhas significativas personalidades que ata entón se mantiveran alleas a esa preocupación.

Foi o caso, por exemplo, do gran poeta Luís Pimentel. Anunciaba este que se propuña escribir no noso idioma un libro de poemas de temario infantil e, asemade, darse a traballar nunha obra de teatro na mesma lingua. De igual xeito, o agudo ensaísta Celestino Fernández de la Vega principiou a colaborar no Suplemento coas primicias da traducción dunha escolma de vellas poesías célticas que viña de editar o filólogo Julius Pokorny. Prometía, ademais, ofrecer unha versión ó galego de Rainer Maria Rilke. E aínda, facer un estudio estético de Rosalía de Castro, analizando, valorando, a

súa obra de acordo coa sensibilidade de entón.

Pola súa parte, Ramón Piñeiro, que se inaugurara como escritor no propio Suplemento de *La Noche*, ideaba redactar un ensaio longo tentando definir a realidade peculiar de Galicia dentro do mapa espiritual da Europa contemporánea. Por eses días, na cidade luguesa onde residían Pimentel, Fernández de la Vega e Piñeiro, xurdía tamén unha cousa simpática: a aparición da breve revista *Xistral*, que traducía a iniciativa e o esforzo espontáneo dun grupo de rapaces.

A situación que se estaba a vivir prometía unha posibilidade de ir rachando as nubes negras que escurecían o ambiente. Non embargante, a publicación sabatina comezou a sufrir atrancos. Os impedimentos eran cada vez maiores, ata que os resortes da política oficial impuxeron a súa desaparición definitiva.

Tamén hai que anotar a publicación neses tempos da revista poética *Aturuxo*, que un pequeno grupo de escritores editaba en Ferrol.

A CONTINUIDADE XERACIONAL

Nos ensaios de recuperación cultural galega que veño de sinalar perfilábase xa a presencia da Xeración do 36, a que comezara a apuntar nos tempos inmediatos á Guerra Civil, e que se había consagrar despois. Ortega y Gasset distinguira con claridade a contemporaneidade da coetanidade nos individuos, nos grupos, que actúan nun determinado ámbito temporal. Pero a esta distinción substancial poden engadirse matices que arrequecen aqueles conceptos. Cabería designar co termo xenérico de coexistencia, ós que son coétaneos sen disteramento de idades. E, por outra banda, reservar o de convivencia para os contemporáneos.

Os homes da que vou chamar Xeración Galaxia, malia a paréntese de forzado desvencellamento, atinaron a enlazar cos da Xeración Nós. Non houbo entre eles unha rompedura. Mantiveron máis ben unha continuidade, superando a experiencia traumática que uns e outros sufriron. En realidade, a xeración galaxiana conti-

nuou, completou, en boa parte realizou, con novos criterios, os obxectivos esenciais da precedente. Ámbalas dúas xeracións sumáronse de tal xeito, que unha e outra participaron nun labor común.

Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas, Castelao, Viqueira, Villar Ponte, membros sobranceiros, entre outros, do protagonismo na etapa prebélica, abriran un camiño de universalismo autóctono. Querían que os galegos soubesen fundir en orixinal e fecunda unidade a peculiaridade máis íntima do país, e a peculiaridade máis viva da historia europea. Todos eles afincaron o seu esforzo cultural a través da revista *Nós*. Pero tamén na editora do mesmo nome, e no Seminario de Estudos Galegos, principais institucións que coordinaron o seu labor.

Epígonos e seguidores da súa actividade foron os fundadores do Seminario. Fermín Bouza-Brey, Xosé Filgueira Valverde, Luís Tobío Fernández, Ramón Martínez López, e varios máis, artellaron un esforzo intelectual de tipo colectivo. Orientárono á formación de investigadores, pero sen refugar o contacto co público. Fixeron campañas de pescuda nas diversas terras de Galicia a través de diferentes seccións especializadas, abranguendo unha obra de conxunto. Os mestres seguían a ser, en colaboración e ensino, nos traballos de equipo, aqueles que encetaran a etapa xeracional.

Os escritores que despois da parálise producida polo pronunciamento militar comezaron a se sobrepoñer ó silencio, déronse a preguntar qué debía ser e qué podía ser Galicia. As respostas tentaban ser alentadoras. Sentíanse pesimistas no tocante á realidade que naquelas circunstancias os alagaba, pero confiaban nas posibilidades do futuro. Soñaban en que o porvir de Galicia